



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 18 DE AGOSTO DE 2025**

PRESIDENTE:

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:55 horas do día 18 de agosto de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 06.08.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 06.08.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE PARCELACIÓN 2024/U018/000003

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.08.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 18.08.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE PARCELACIÓN 2024/U018/000003

OBXECTO:	Segregación para reagrupación de parcelas en lugar de
PROMOTOR/A	



CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO	Solo rústico
REFERENCIA CATASTRAL:	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA	Proxecto de Segregación e Agrupación de fincas de data 09.10.2024 redactado por Jorge Álvarez Castrillón

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

-Visto o informe técnico por parte do arquitecto Técnico Municipal en data 05.08.2025.

-Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 11.08.2025.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Conceder a Dª. María del Carmen Lorenzo Tojeiro a licenza de segregación urbanística solicitada, incorporando como anexo a copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

2º) Dilixenciar o proxecto e planos obxecto desta licenza.


3º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.



FICHAS RESULTANTES

FINCA 1B

Superficie	372m2
Linderos	Linda: Norte FINCA A; Sur, finca (1.452) ; Este, fincas (771), (770), (769), (768), (767); y Oeste, finca (21.451).
Calificación urbanística	suelo rústico







FICHAS RESULTANTES

FINCA 1A/2

Superficie	901m2
Linderos	Linda: Norte, finca (774) y camino; Sur, FINCA 1B y finca (772); Este, camino y finca (774); y Oeste, finca (11.451).
Calificación urbanística	suelo rústico





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 399/2025 DE DATA 14.08.2025 DE CORRECCIÓN ERRO NA APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2- ÚLTIMA DA OBRA DE MELLORA DOS CAMIÑOS DE MEIZOSO A BIDUIDO E AS CORRESPONDENTES FACTURAS. AGADER 2024-2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 399/2025 de data 14.08.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

CORRECCIÓN ERRO NA APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2- ÚLTIMA DA OBRA DE MELLORA DOS CAMIÑOS DE MEIZOSO A BIDUIDO E AS CORRESPONDENTES FACTURAS. AGADER 2024-2025

Visto que a Xunta de Goberno Local en data 17-03-2025 adoptou, en relación co Plan de Mellora de camiños rurais 2024-2025, o seguinte acordo: “1.- Aprobar a certificación de obra núm. 2-última da obra “Mellora da capa de rodadura en camiños municipais. AGADER 2024-25” polo importe de 37.330,14 (IVE incluído) euros e a factura núm. A231 A231-25-0001, do mesmo importe (...)”

Detectado erro de transcripción relativo ao importe de dita certificación e a correspondente factura, erro que non afecta ao resto do contido.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Corrixir o punto nº 1 do acordo adoptado na data do 17- 03 -2025 pola Xunta de Goberno local no relativo ao importe correspondente á certificación de obra núm. 2-última e a factura, que queda redactado nos seguintes termos:

“1.- *Aprobar a certificación de obra núm. 2-última da obra “Mellora da capa de rodadura en camiños municipais. AGADER 2024-25” polo importe de 39.291,60 (IVE incluído) euros e a factura núm. A231 A231-25-0001, do mesmo importe*”

Terceiro.- Dar conta desta Resolución na próxima Xunta de Goberno que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 400/2025 DE DATA 14.08.2025 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 400/2025 de data 14.08.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA



Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2025

Vista a Orde do 17 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2025 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado pola Unión Europea nun 60% no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

Considerando que o artigo 1 establece que o equipamento que se cederá distribúese en 3 liñas: liña 1, 35 kits de material loxístico de seguridade vial; liña 2, 32 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias; liña 3, 10 tendas de campaña para emerxencias.

Tendo en conta que no artigo 6 da Orde se establece que a documentación a presentar xunto coa solicitude será un certificado da compañía aseguradora do número de asegurados de Protección civil, certificado ou declaración dos servizos dos servizos de emerxencia provinciais ou das entidades locais das mobilizacións das AVPC efectuadas no 2024 e certificado de presentación das contas ao Consello de Contas de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 17 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2025 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado pola Unión Europea nun 60%, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, para a adxudicación, por este orde de preferencia, de:

1º- Kit de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias (liña 2)

2ª- Kit de material loxístico de seguridade viaria (liña 1)

3º- Tenda de campaña para emerxencias (liña 3)

Terceiro.- Aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na Orde de Convocatoria

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

5. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14.00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.



Concello de Cedeira

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

O PRESIDENTE

ISMAEL DURÁN BEREIJO

(Resolución de Alcaldía nº 402/2025 de data 18 de agosto-
Delegación da Presidencia da Xunta de Goberno Local de data 18.08.2025)

Firmado por DURAN BEREIJO ISMAEL - ***9998** el
día 22/08/2025 con un certificado emitido por AC
FNMT Usuarios

A SECRETARIA

ANA VELO RUIZ

Firmado por ANA VELO RUIZ
- ***8295** el día
22/08/2025 con un
certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR NATURAL
PERSONS - 2016